

FRAGMENTO DE “O PORCO DE PÉ”, NOVELA SATÍRICA DE VICENTE RISCO

Na postguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóvil. Aínda podían ter máis. Vouvos referi-la vida de D. Celidonio e do seu sogro e principal Baldomero Garcia, aquel que lles berraba ós seus mancebos: "¡¡¡Cando na miña casa entra unha peseta, para que volva a saír, cómpre facer un expediente!!!" Deste xeito veréde-lo que vai de tempos a tempos.

(...)

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo. O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro. Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mixturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento. Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau.

Cando chegou D. Celidonio, o seu principal non levaba garabata. Daquela, D. Celidonio era un rapaz moi novo, gordo e case bonito. Se non cheirase a queixo fresco e a aceite, e aínda por tempos a gas, aínda, aínda... A filla de Baldomero estaba afeitada ó cheiro. Era máis vella ca D. Celidonio, máis ancha ca alta e non tiña pescozo. Non era tan enrabecheda nin tan rabela coma a nai. Cortaba tan ben o xabrón, cun aramio delgadiño, que máis ben daba de menos ca de máis. Un día Dona Emerenciana enrabechouse de tal forma porque lle faltaron tres cadelas, que se puxo negra coma un condanado, e morreu de xenio, botando lume polos ollos. E D. Celidonio, que se lle fora o medo cerval que lle puña Dona Emerenciana, casou coa filla e o pai interesouno no negocio. Eu non quero de ningunha maneira imaxina-lo que sería a noite de bodas, anque dende logo había ser cousa digna de ser referida. Debeu ser un idilio, o de D. Celidonio con aquela rebola, enzoufado, farturento e espeso, que se podería cortar con coitelo coma o touciño, e pesar pola libra galega. Eu quixera cantar estes amores crasos e lardeiros, aquela mistura farta de dúas almas que se derrete unha na outra como se derrete na tixola a graxa dos roxóns.

(...) Así como Dona Emerenciana morreu do mal xenio, Baldomero García do Comercio desta praza, morreu tamén como vivira: morreu restrinido*. Toda a vida fora un raña, que non pensou máis ca en apretar e apretar e apretar: apreta-la bolsa, apreta-la gorxa, apreta-la barriga, a final, apretoulle a tripa e xa non andou máis. Morreu aforrando.

VICENTE RISCO: O porco de pé

Preguntas de comprensión e análise

Tema principal:

- Cal cres que é o tema principal deste fragmento? Podes identificar que tipo de crítica se está a facer e a quen vai dirixida?

Canle de comunicación:

- A través de que canle ou medio cres que se transmite esta historia? É oral, escrita ou podería ser unha mestura de ambas?

Intención comunicativa:

- Que intención cres que ten o autor con este fragmento? Busca simplemente describir os personaxes ou tamén transmitir unha mensaxe crítica sobre a sociedade?

Argumento:

- Que se conta no fragmento? Resume en poucas liñas o argumento.
-

Rexistros da lingua:

- Que rexistro lingüístico predomina no texto? Hai un ton formal, coloquial, ou vulgar? Pon exemplos do fragmento.

Uso da metáfora:

- No fragmento, hai varias metáforas que comparan o corpo e o carácter de D. Celidonio con alimentos. Podes identificar algunha? Que efecto produce esta comparación?

Caracterización de personaxes:

- Como describe Vicente Risco fisicamente a D. Celidonio? Que tipo de persoa parece ser segundo esta descrición? E ao señor Baldomero? Que significará isto?

Sátira e humor:

- O fragmento está cheo de humor e sátira. ¿Podes identificar unha pasaxe humorística e explicar por que resulta divertida ou sarcástica?

Lingua

Identifica aqueles trazos da lingua pre-normativa que non sexan semellantes aos da normativa do galego actual.

Ademais, suliña e busca aquelas palabras que non comprendas.